

## **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES**

Servizo de impartición escolas deportivas e actividades deportivas no concello de Muxía.

### *CLÁUSULA PRIMEIRA: OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO*

O obxecto de contrato é realizar o Servizo de impartición de escolas deportivas e actividades deportivas no concello de Muxía, de acordó co definido no Cadro de Características deo contrato e pregos de prescripcíons técnicas.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos tal e como establece o artigo 10 do TRLCSP do 30 de outubro, de contratos do sector público.

### *CLÁUSULA SEGUNDA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN*

A forma de adxudicación do contrato do servizo de Servizo de impartición das actividades será o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación. A licitación será publicada no perfil de contratante deste Concello e BOP.

Recúrrase á tramitación anticipada do gasto toda vez que o inicio da prestación fíxase para o ano 2017.

### *CLÁUSULA TERCEIRA: O PERFIL DO CONTRATANTE*

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo de utilizar outros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil do contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web do Concello.

### *CLAUSULA CUARTA: PREZO DO CONTRATO*

O valor estimado deste contrato, de acordó co especificado no art 88 do TRLCSP, foi tido en conta para a determinación do procedemento de licitación deste contrato, inclue a duración inicial prevista e as posibles prórrogas. Todo elo se detalla na clausula 4 do prego de prescripcíons técnicas.

Esta contratación está suxeita a tramitación anticipada.

O prezo base de licitación establécese sobre o orzamento estimado de hora.

Ao tratarse dun gasto plurianual estarase ao establecido no art 174 do TRLCSP, e para os exercicios futuros a adxudicación queda sometida á considición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato no exercicio correspondente, segundo o art 110 do TRLCSP.

O abono do servizo realizarase contra prestación mensual de factura.

A factura contendrá os seguintes datos:

- Identificación do órgano administrativo de competencias en materia de contabilidade pública- Código L01150525 (Servicio de Intervención).
- Identificación do órgano de contratación (órgano xestor): Código L01150525 (Alcaldía)-
- Órgano de tramitación (Destinatario)- Código LO1150525 (Alcalde)

### *CLÁUSULA QUINTA: DURACIÓN DO CONTRATO*

A duración do contrato do servizo será:

Do 01-01-2017 ao 30-12-2017, sen perxuízo das posibles prórrogas por igual o inferior período. Os meses de xuño, xullo, agosto e setembro non son obxecto de contrato.

#### *CLÁUSULA SEXTA: ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR*

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

##### 1.- A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a.- No caso de empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou o documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b.- No caso de **empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea** pola súa creación no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c.- Nos **demais empresarios estranxeiros**, por medio dun informe de Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial en que radique o domicilio da empresa.

2.- A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público **poderá** realizarse:

a.- Mediante a testemuña xudicial ou a certificación administrativa, segundo os casos, e cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, **poderá** ser substituído por unha declaración responsable.

b.- Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea a esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, **poderá** tamén substituírse por unha declaración **responsable**.

Os licitadores deberán de contar cas acreditacións, autorizacións e homologacións precisas segundo a normativa en vigor para a realización das análises obxecto do contrato. (Norma UNE.EN/ISO-IEC 17025, Autorizacións Xunta, ISO 9001.2008 entre outras).

##### 3.- A **solvencia do empresario**

3.1.- A **solvencia económica e financeira** do empresario **poderá** acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) xustificante de que existe un seguro de indemnización por riscos profesionais vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas por un importe non inferior ao valor estimado do contrato. Poderase tamén formular compromiso vinculante de suscripción do seguro en caso de resultar adxudicatario/a..

b.- As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais **poderán** achegar, como medio

alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c.- Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto de contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocios. O volumen será a lo menos de 1,5 vez o valor anual do contrato.

**3.2.-** Nos contratos de servizos, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

: Relación de principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, indicando o seu importe, datas e destinatario, público ou privado, avalados por certificados de boa execución.

**Criterio de aceptación:** o licitador considerárase solvente coa presentación como mínimo de tres certificados de boa execución de servizos de natureza análoga. Os tres certificados virán referidos aos servizos de maior importe dos presentados na relación.

Clasificación substitutiva de solvencia

De acordo coa interpretación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia en informe 2/2012 de 27/03/2012, os/as licitadores/as que pretendan concorrer á licitación deste servizo poderán acreditar a solvencia económico-financieira e técnica que se determina neste prego substituíndoa pola seguinte clasificación do empresario como contratista de servizos:

Clasificación de empresas contratistas de servizos:

**Grupo U) Servizos xerais**

**Subgrupo 7 Outros servizos no determinados**

**Categoría A**

O/a licitador/a poderá acreditar a solvencia esixida, e quedará polo tanto eximido/a da presentación dos medios acreditativos desta, coa achega da xustificación de posuír a clasificación como contratista de servizos no grupo, subgrupo e categoría que se expresa no parágrafo anterior.

**CLÁUSULA SÉTIMA: PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral da casa do Concello de Muxía, en horario de atención ao público, no prazo de 15 días naturais de acordó co descrito no Cadro de características do contrato..

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá de xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación que remitiu a oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día e consignarlle o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia estendida neste polo/a secretario/a municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez que trancorran os dez días seguintes a esta data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán de cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal, A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertar para tomar parte da negociación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda Oferta para negociar a contratación do servizo de impartición das actividades das escolas deportivas municipais e actividades deportivas do Concello de Muxía.

As empresas licitadoras que concurran a máis dun lote presentarán Sobre B e C para cada lote.

**Sobre A:** Documentación administrativa.

**Sobre B:** Documentación técnica.

**Sobre C:** Oferta Económica.

Os documentos que hai que incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada destes:

## **SOBRE A**

### *DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA*

**a- Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.**

**b- Documentos que acrediten a representación.**

–Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario/a da Corporación.

–

–Se o candidato fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

–Igualmente a persoa co poder validado para os efectos de representación, deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou a testemuña notarial do seu documento nacional de identidade.

**c- Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no TRLCSP.**

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.

**d- Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira**

e técnica.

Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá achegar o documento que acredite ter presentado a correspondente solicitude para iso e debe xustificar que está en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da Lei 30/2007 oara a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e- As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e dos tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao candidato.

**NOTA: A PRESENTACION DESTA DOCUMENTACION PODE SUSTITUIRSE SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ANEXO QUE SE ADXUNTA, POR DECLARACION DE POSEERLA.**

**SOBRE B: Documentación técnica: incluirá a documentación precisa segundo o exposto nas cláusulas de prescricións técnicas, para a valoración, segundo os criterios establecidos, da oferta que a empresa presente.**

**SOBRE C.**

*OFERTA ECONÓMICA*

**Oferta económica nun sobre pechado.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_, co DNI núm \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_ con CIF núm \_\_\_\_\_,

**FAGO CONSTAR:**

1.-Que coñezo as condicións e os requisitos que esixen para a adjudicación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación, o contrato de servizos de impartición das escolas deportivas e actividades deportivas no Concello de Muxía.

2.-Que coñezo o prego que lle serve da base ao contrato, o cal acepto integramente.

3.-Que me comprometo a realizar o obxecto do contrato polo importe de :

\_\_\_\_\_ €hora sen (IE)

\_\_\_\_\_ € IVE

\_\_\_\_\_ €/hora (I.E.)

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

O/a licitador/a

Asdo: \_\_\_\_\_

No caso de que o licitador presente a súa oferta indicando que está exento do IVE, deberá incluír xunto co modelo da oferta, a documentación xustificativa de dita exención.

Para a valoración do prezo terase en conta o importe da base imponible da oferta, excluído IVE ou outros impostos se os hubere.

#### *CLÁUSULA OITAVA: GARANTÍA PROVISIONAL*

Non se esixe garantía provisional.

#### *CLÁUSULA NOVENA: CRITERIOS DE VALORACION DE OFERTAS*

Para valorar as ofertas e determinar economicamente máis vantaxosa atenderase aos aspectos:

Prezo: 0-25puntos

Características do Proxecto de prestación das actividades presentado (medios materiais, persoas dedicadas á actividade, asistencia, dispoñibilidade, orixinalidade da proposta, etc): 0 a 50 p

O prezo valorarase pola fórmula matemática utilizada pola Deputación Provincial para obras de planes provinciales.

#### *CLÁUSULA DÉCIMA: MESA DE CONTRATACIÓN*

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido na vixente normativa, estará, presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta, e formarán parte dela, como vogais, o/a secretario/a ou, de ser o caso, o/a titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o/a interventor/a, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos desta, sen que o número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario/a/un/unha funcionario/a da Corporación.

De acordó co establecido no TRLCSP, e tendo en conta que a valoración dos aspectos ou criterios que dependen de xuízo de valor é superior á determinada por fórmula matemática, o órgano de contratación nomeará un comité de expertos coa composición que no seu día se fará pública, pero que será eminentemente técnica.

#### *CLÁUSULA UNDÉCIMA: PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN*

O órgano de contratación, de conformidade co establecido no TRLCSP), exerce as seguintes prerrogativas:

- a- Interpretación do contrato
- b- Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c- Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d- Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

#### *CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA: APERTURA DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE GARANTÍA DEFINITIVA.*

A Mesa de Contratación constituirase no día e hora que se fará pública no seu momento, e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres A.

(A Mesa ou órgano de contratación poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días para que o candidato corrixa os defectos ou as omisións emendables observados na documentación presentada).

Posteriormente, abriráse e examinaráse o sobre B, que será valorado polo Comité de expertos.

Unha vez valorado o seu contido, procederáse á apertura do Sobre C e valoración das ofertas económicas. A Mesa ou órgano de contratación, realizado este trámite, propondrá (ou declarará) ao licitador/a que haxa

presentado a proposición máis ventaxosa aos intereses municipais.

O órgano de contratación deberá requirir ao adxudicatario proposto no prazo máximo de dez días hábiles presente a garantía definitiva así como os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, Xunta de Galicia, e coa Seguridade Social, a si como a documentación que manifestase poseer, no caso de presentar Declaración responsable.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

#### *CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA: GARANTÍA DEFINITIVA*

Os que resulten adxudicatarios provisionais dos contratos deberán de constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse en algunha das formas refiridas na TRLCSP.

#### *CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA: ADXUDICACIÓN*

O órgano de contratación, tras os informes técnicos que considere oportunos, adxudicará o contrato motivadamente.

Se o órgano de contratación adxudica unha persoa ou empresa diferente á que propuxo a Mesa, deberá de motivar a elección.

No caso de que o empresario proposto como adxudicatario non presentase coa oferta as certificacións acreditativas de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato, deberá presentala cando constituía a garantía que de ser o caso sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nestes pregos.

#### *CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.*

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos cinco días hábiles seguintes que hai que contar desde a data da presentación da documentación requirida ó licitador proposto como adxudicatario.

O contratista poderá solicitar que o contrato se inscriba ante notario e correrán do seu cargo os correspondentes gastos.

(Cando por causas imputables ao cocontratista non puidese formalizarse o cocontrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a súa resolución, así como a incautación da garantía provisional que de ser o caso se constituíse).

#### *CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA: DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.*

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que de deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.



*CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA: REVISIÓN DE PREZO.*

Non procede a revisión de prezos

*CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA: PRAZO DE GARANTÍA*

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de 1 ano, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o que a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axuste ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a corrección dos mesmos.

*CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA: EXECUCIÓN DO CONTRATO*

Rexerase polo establecido no TRLCSP

*CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA: PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.*

Estarase ao establecido na clausula 8 do prego de prescricións técnicas.

*CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA: RESOLUCION DO CONTRATO.*

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do serctor público; e será acordado polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contarto se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas que lle orixinou á Administración, no que excedan do importe da garantía.

*CLAUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO*

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerese polo establecido neste prego, e para o non indicado nel, será de aplicación a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do séctor público e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 TRLCSP; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de derito privado.

A Orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.



## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN NA ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICION DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.**

O Presente Prego define as condicións técnicas e os traballos que se deben cumprir na execución do contrato de servizo de actividade deportiva do termo municipal de Muxía.

### **CLÁUSULA 1ª. OBXECTO DO CONTRATO.-**

O deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

Enténdese por deporte todo tipo de exercicio físico que, mediante unha participación organizada ou doutro tipo, teña como finalidade a expresión ou mellora da condición física e psíquica, o desenvolvemento de relacións sociais e/ou o logro de resultados en competicións de todos os niveis (artigo 1.2 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte (DOG de 13 de abril de 2012, en diante, Lei do deporte).

O Concello de Muxía, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Ao concello compéttelle, en todo caso, nos termos da lexislación, actividades ou instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.

A Lei do deporte establece competencias dos concellos, entre elas as de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade, organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local e calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local. Ademais ordena ás administracións deportivas facilitar alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de lecer.

O presente contrato ten por obxecto a organización e prestación integral de toda a

actividade deportiva do concello de Muxía, destinada tanto a nenos en idade escolar como a persoas adultas, co obxectivo de fomentar o deporte e hábitos de vida saudables na persoas de todas as idades.

### **CLÁUSULA 2ª.- CONTIDO MÍNIMO DO CONTRATO.**

A) O adxudicatario deberá impartir as seguintes actividades deportivas durante os meses de Xaneiro a maio e de outubro a decembro (curso escolar).

- Lote 1:

Judo; Impartirase un mínimo de 20 h/mes.

Poderase propondor maior número de horas de impartición ata un máximo de 8h/mes.

- Lote 2: Mínimo:

Actividades fitness: Ximnasia de mantemento, 32h/mes

As empresas licitadoras poderán propondor a maiores outras actividades da mesma índole ou propondor maior número de horas de impartición, cun máximo de 16h/mes en total.

- Lote 3: Actividades deportivas e predeportivas: Mínimo:

Balonmano : 16h/mes

xogos predeportivos: 8 h/mes

Atletismo: 8h/mes.

As empresas licitadoras poderán propondor a maiores outras actividades, nos lotes da mesma índole ou propondor maior número de horas de impartición, cun máximo de 8h/mes en total.

B) O adxudicatario deberá asistir e acompañar aos escolares nas competicións de xogos deportivos que habitualmente se desenvolven durante as fins de semana.

O servizo constará do número mínimo total sinalado para cada actividade, podendo minorarse estas por decisión do concello ate un máximo de 15% anual.

### **CLÁUSULA 3ª.- Condicións de prestación do servizo**

- 1. A actividade de organización e planificación da actividade deportiva do concello realizarase ao longo de todo o exercicio, de conformidade coas necesidades que en cada momento teña o departamento de deportes e con especial atención nos períodos de inscrición para actividades ao inicio de curso.**
- 2. A actividades deportivas impartiranse seguindo as seguintes condicións:**

- a) As escolas deportivas impartiránse como regra xeral do 1 de xaneiro ao 15 de xuño.
- b) As actividades impartiránse nas instalacións deportivas coas que conta o concello de Muxía.
- c) Os horarios serán os fixados cada ano polo concello, previa audiencia do adxudicatario.
- d) Os horarios e lugares de impartición das clases poderán ser modificados polo concello ao longo da tempada se as necesidades do servizo así o aconsellan e se comunicarán ao adxudicatario con unha antelación de 10 días naturais.
- e) Os grupos terán un mínimo de 5 alumnos e un máximo 30 alumnos.
- f) O concello poderá modificar as actividades a impartir, substituíndoas por outras equivalentes, previa audiencia do adxudicatario.
- g) O concello poderá suprimir algunha actividade en caso de que o considere oportuno, previa audiencia do contratista e respetando en todo caso o número de horas mínimo fixado neste prego.
- h) O adxudicatario non poderá por si mesmo facer modificación algunha nos grupos, actividades, lugares ou horarios.
- i) As actividades destinadas a nenos en idade escolar deberán ser impartidas en horario de tarde e unhas actividades non se solaparán con outras.
- j) As actividades destinadas a adultos poderán ser impartidas en horario de mañá e tarde e unhas actividades non se solaparán con outras.

### **3. Medios persoais:**

Persoal mínimo

#### **1.. Representante:**

O adxudicatario nomeará un representante que será o responsable deste contrato ante o Concello, esta persona será a que reciba as instrucións oportunas referidas ó servizo e manterá o contacto directo ca Concellería correspondente ou alcaldía. A través del canalizaranse tódalas incidencias que xurdan no transcurso da prestación. Deberá asistir a cantas reunións sexa requirido polo supervisor do contrato. Deberá de entregar mensualmente os controis de asistencia de participantes ao técnico municipal.

#### **3. Monitores:**

O persoal mínimo que o adxudicatario debe aportar son **tres monitores.** O personal técnico encargado de impartir as sesións deberá estar en posesión da titulación mínima esixida para a impartición da especialidade de que se trate.

En relación ao persoal, o adxudicatario disporá en todo momento do persoal preciso e axeitado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e en concreto garantirá:

- a. A cobertura permanente do cadro de persoal ofertado na súa proposta, cas titulacións e funcións especificadas.
- b. O adxudicatario efectuará de xeito inmediato as substitucións necesarias calquera que sexa a causa das baixas ou ausencias que se produzan, de xeito que a execución do contrato quede sempre asegurada.
- c. A formación e aptitude profesional do persoal asignado ó contrato, de xeito que a administración poderá requirir do contratista a substitución daquel persoal que demostre incapacidade.
- d. A incapacidade demostrada de algún empregado para o servizo, xustifica o requirimento da súa substitución por parte do órgano de contratación a través do responsable do contrato.

O persoal asignado ó contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, sendo o Concello de Muxía alleo a calquera relación laboral cos mesmos, aínda no suposto que as medidas que o empresario adopte co seu persoal se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O adxudicatario retribuirá axeitadamente ó persoal destinado ó servizo con cargo ó prezo da adxudicación do contrato, non podendo repercutir ó Concello de Cabana de Bergantiños o custo de calquera mellora nas condicións de traballo dese persoal.

O adxudicatario queda obrigado ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral vixentes en cada momento.

En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido os traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo ningún ó Concello.

Será obriga do adxudicatario uniformar e identificar convenientemente ó persoal seguindo as directrices que ó respecto lle dicte o Concello.

Unha vez adxudicado o contrato, e en todo caso previamente ó inicio da súa execución, o contratista comunicará ó Concello a relación de persoal a prestar o servizo, con indicación do nome, titulación, e demais datos necesarios. Igualmente comunicarase calquera variación que se produza durante a execución do contrato.

O contratista está obrigado a presentar, a requirimento do Concello no momento en que o solicite os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á seguridade social do persoal adscrito á prestación do servizo.

#### **CLÁUSULA 4ª.- ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

Lote 1:

Prezo unitario sen IVE: 46.28 €/ hora

IVE:9.72 €

Prezo unitario con IVE: 56 €/hora

- Prezo do contrato conteniendo horas mínimas e máximas:

Prezo estimado do contrato: 10367€. Total estimado para dos anos: 20734€

Prezo anual do contrato (IVA engadido): 12544€. Total para dos anos: 25088€

- Lote 2

Prezo unitario sen IVE: 19.83€/h.

IVE: 4.17€

Prezo unitario con IVE:24€/h

- Prezo do contrato conteniendo horas mínimas e máximas:

Prezo estimado do contrato: 7616.53€. Total estimado para dos anos: 15233.06€

Prezo anual do contrato (IVA engadido): 9216€. Total para dos anos: 18432€

- Lote 3

Prezo unitario sen IVE: 19.83€/h.

IVE: 4.17€

Prezo unitario con IVE:24€/h

- Prezo do contrato conteniendo horas mínimas e máximas:

Prezo estimado do contrato: 6347.01€. Total estimado para dos anos: 12694.21€

Prezo anual do contrato (IVA engadido): 7680€. Total para dos anos: 15360€

#### **CLÁUSULA 5ª.- CRITÉRIOS DE VALORACIÓN**

**A)Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor: Proxecto de impartición das actividades: ata 50 puntos. Os licitadores presentarán un**

proyecto de xestión no cal se explicarán as principais liñas de actuación.

- O proxecto definirá de forma global e integrada a estratexia a adoptar polo adxudicatario de forma que o órgano de contratación poda avaliar a visión que o futuro adxudicatario ten do servizo municipal de deportes de forma que se poda seguir prestando un servizo que integre a práctica deportiva cos valores da preservación do medio ambiente e da sustentabilidade respectuosa con eles, a protección do deportista con especial atención a súa saúde, a garantía da práctica deportiva en condicións de saúde e seguridade, e a optimización e complementariedade dos recursos públicos.( Máximo 10 páxinas a unha cara, tamaño letra 12 e espacio sinxelo)

- De forma concreta para cada actividade das descritas no apartado 2.B o proxecto incluirá:

- a organización dos grupos, os coñecementos das características das instalacións, e a coordinación co concello.

- os obxectivos a alcanzar e as estratexias a desenvolver. A xustificación da metodoloxía prevista para executar a actividade así como a metodoloxía prevista para atender a usuarios con necesidades especiais en relación á maioría do grupo, así como o seu seguimento e control.

- persoal destinado pola empresa para a prestación da actividade, onde se mencionará a súa formación, titulación e experiencia.

- medios materiais a empregar para o desenvolvemento da actividade.

- actividade ou/e horas propostas a maiores das mínimas esixidas.

( máximo 20 páxinas a unha cara, tamaño letra 12 e espacio sinxelo)

Para determinar a mellor oferta técnica valorarase a claridade, coherencia e especificación do proxecto presentado, atendendo de forma especial a metodoloxía aos seguintes parámetros:

- Metodoloxía a empregar no proxecto e propostas superiores ás mínimas esixidas.(0 -30 puntos)

- Titulacións e especialización do persoal adscrito ao proxecto a maiores do mínimo exixido neste PPT. ( 0-10 puntos)

- Material proporcionado polo licitador para a prestación das actividades.( 0-10 puntos)

**b) Criterios de adxudicación que dependen dunha fórmula aritmética: Mellor proposta económica: ata 25 puntos.**

A oferta axustarase ao modelo recollido no anexo correspondente do PCAP.

Fórmula de puntuación: A establecida pola deputación para planes provinciais.

Para a valoración do prezo terase en conta o importe da base imponible da oferta, excluído IVE ou outros impostos se os hubere.

No caso de que o licitador presente a súa oferta indicando que está exento do IVE, deberá incluír xunto co



modelo da oferta, a documentación xustificativa de dita exención.

**c) Os eventuais empates resolveranse:**

a. En primeiro lugar a favor da oferta que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor establecidos neste prego.

b) se continuase o empate, resolverase por sorteo.

**CLÁUSULA 6ª.- Dereitos e Obrigas das partes contratantes.-**

**A).- Corresponde ao adxudicatario.-**

a).- Prestar os servizos co persoal necesario e idóneo para o desempeño dos traballos reflectidos no presente Prego.

b).- Responder da calidade técnica do persoal que presta os seus servizos, así coma das consecuencias que se deduzan para a Administración contratante así coma para terceiras persoas das omisións, erros, métodos inadecuados na execución dos traballos e calquera outras responsabilidades derivadas do desenvolvemento das tarefas vencelladas co servizo obxecto da contratación.

c).- Cumprir as ordes e instrucións que, no desenvolvemento das funcións, dite o concello e lle correspondan no ámbito da súa competencia para unha eficaz realización dos traballos.

d).- Prestar os servizos nos horarios, días e co persoal necesario, sen prexuízo da facultade da Administración contratante para introducir as modificacións e variacións no horario, número de horas, días e persoal necesario puidendo incrementarse ou diminuírse segundo as necesidades do servizo, todo isto de mutuo acordo entre as partes.

e).- Asumir as responsabilidades do persoal derivadas da contratación laboral de seguridade social, pago de tributos, e en xeral, de calquera outro directa ou indirectamente relacionado co obxecto da contratación do servizo.

f).- O contratista se compromete por causa xustificada de ausencia na prestación dos servizos a substituír ao persoal por outro que dispoña da mesma cualificación profesional en casos de enfermidade, vacacións, permisos regulamentarios ou por calquera outro motivo que forzosamente esixan ser substituídos.

g).- O persoal da empresa adxudicataria, en ningún suposto poderá considerarse con relación laboral, contractual ou doutra natureza, respecto ao Concello de Muxía

h).- A empresa adxudicataria non poderá subarrendar, ceder ni traspasar o seu dereito a terceiros en todo ou en parte sen autorización previa do órgano contratante.

i).- Prestar o servizo aos usuarios con estrita igualdade de trato e adoptar cantas disposicións e medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos a persoas e bens.

j).- A contratación do persoal necesario para cubrir os servizos derivados do presente prego, sendo da súa conta o pago dos salarios, emolumentos e seguros sociais e cantos outros gastos se deriven da contratación do persoal de que dispoña o adxudicatario, ou dos servizos que concerte.



k).- Proceder á substitución inmediata das baixas laborales que se produzan por calquera causa, e no suposto de suspensión dunha sesión por motivos imputables ó contratista, esta non se poderá factura nin cobrar.

l).- Comunicar e motivar calquera suspensión das sesións de actividade ó Concello nas 24 horas seguintes á mesma.

m).- Entregar mensualmente, xunto coa factura, unha memoria das actividades realizadas, segundo o determinado neste prego e no prego de cláusulas administrativas, e que incluírá como mínimo a relación de sesións celebradas con especificación das datas e horas de celebración, principais incidencias na prestación do servizo así como todos aqueles informes que a intervención municipal considere necesarios para a fiscalización do gasto.

n).- A petición do Concello, o adxudicatario efectuará os informes, estudos, e estadísticas relacionadas ca prestación do servizo, que serán solicitados cunha antelación de 10 días naturais como mínimo.

ñ).- A petición do Concello, o adxudicatario elaborará pregos de prescricións técnicas que sexan necesarios para a posta en marcha de licitacións relacionadas co servizo de deportes do concello, e que serán solicitados cunha antelación de 10 días naturais como mínimo.

o).- Prestar o servizo aportando o material para o desenvolvemento da actividade obxecto da contratación segundo a oferta realizada. No caso de que o Servizo Municipal de Deportes estime manifestamente insuficiente ou deficiente o material aportado polo contratista para a execución do servizo contratado ca debida calidade e seguridade, o contratista aportará o material para corrixir a situación. En ningún caso se poderá esixir compensación económica para estes efectos.

p).- Prestar o servizo e actividades polo persoal cas titulacións propostas polo adxudicatario na súa oferta.

q).- Remitir, a petición do Concello a relación de traballadores, baixas e substitucións producidas en relación á execución do servizo, con expresión da súa identificación e titulación.

r).- O adxudicatario se responsabilizará dos accidentes, e danos, de calquera natureza, e prexuízos que poida causar a terceiros ou á administración, como consecuencia dos traballos obxecto do contrato. Para isto o adxudicatario subscribirá unha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil (RC), cun capital mínimo de indemnización asegurado, por accidente e vítima, de **500.000€**, polo que se cubran os danos, tanto persoais como materiais, ocasionados con motivo da prestación do servizo, e nomeadamente as responsabilidades seguintes:

a) A responsabilidade civil derivada da utilización da instalación e da realización da actividade.

b) A responsabilidade civil indirecta ou subsidiaria por actos u omisións do persoal do adxudicatario, dos que éste teña que responder.

c) A responsabilidade civil por danos a terceiros derivada do uso das instalacións e da actividade.

En todo caso, a cobertura da devandita póliza non determina o límite da responsabilidade que ten que asumir o contratista, senon que esta alcanza todos os danos e perdas nos que se cifre esa responsabilidade. Calquera cláusula nas condicións particulares do seguro que contradiga o sinalado neste PPT ou no PCAP terase por non posta.

- s).-Non exhibir nen distribuir publicidade de productos, eventos, actividades ou calquera outras sen autorización expresa do Concello de Muxía.
- t).-Responder dos danos e perdas que ocasionen ós usuarios do servizo ou a terceiras persoas conforme á vixente normativa de contratos das administracións públicas, ou á propia administración municipal.
- u).-Adoptar cantas medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos ós usuarios e ós bens.
- v).- Velar polo respecto dos usuarios ás normas de convivencia e hixiénicas básicas en relación ás actividades colectivas, e ás normativas de uso das instalacións municipais, se é o caso.
- w).- Todas aquelas determinadas no presente prego e no PCAP.

**B).- Corresponde ao Concello:**

- a).- Aboar o prezo do contrato nas cotías, formas e tempo establecidos no prego de condicións.
- b).-Establecer e no seu caso modificar segundo o estipulado no PPT os criterios de admisión, grupos, lugares de impartición e horarios de actividade.
- c).- Suspender a actividade e/ou grupos de actividade que segundo o criterio do Concello de Muxía non reúnan un mínimo de requisitos de participación cuantitativa (número de alumnos) ou cualitativa (condicións da instalación, condición física dos participantes, etc.).
- d).- Propor e dirixir a execución de actividades especiais(clausuras, clases conxuntas,etc.) segundo o estipulado neste prego.
- e).- Comprobar a axeitada execución do servizo contratado, requirindo para iso os informes periódicos ou excepcionais necesarios.
- f).- Esixir ó adxudicatario a adopción de medidas concretas ou modificacións tendentes a restablecer a boa orde na execución dos servizos, así como o cumprimento de todo o estipulado no contrato, incluíndo o requirimento da substitución daqueles traballadores que demostren incapacidade para o servizo.
- g).- Por á disposición do adxudicatario os espazos onde desenvolver as actividades.
- h).- Admitir aos usuarios nas actividades e sancionar ou ordenar a perda da condición do usuario coa debida motivación, e tendo en conta os informes do adxudicatario se é o caso.
- i).- Efectuar os pagos que correspondan de conformidade co previsto nesta prego e no PCAP:

- O importe do prezo satisfarase en fraccións por meses vencidos e cuantía correspondente ó número de horas de prestación do servizo, mediante presentación polo contratista de factura acompañada pola **memoria detallada** na cláusula 7.A) letra m), que será conformada polo concelleiro de deportes ou alcaldía e realizada a fiscalización correspondente especialmente no referente ó número de horas de servizo prestado.

- Achegarase ca factura mensual unha memoria de actividade que incluírá o seguinte:

- \* número de horas de atención ao público e planificación
- \* número de horas de actividades
- \* incidencias salientables na prestación do servizo.

\* no caso de non celebración dunha sesión por motivos alleos ó adxudicatario, acta de incidencia explicando a mesma e motivando a facturación da mesma se é o caso.

- Se o Concello o require expresamente, entregará o adxudicatario xunto coa factura mensual, os TC correspondentes ó persoal adscrito ó servizo, e xustificantes dos pagamentos efectuados ós mesmos

j).- Poñer a disposición do adxudicatario as infraestruturas dos distintos Colexios para a organización das actividades.

### **Cláusula 8ª.- Infraccións e penalidades**

Calquera vulneración das obrigas derivadas do presente contrato motivada por acción ou omisión polo contratista, considérase infracción que se graduará en leve, grave ou moi grave, en función das circunstancias concorrentes e o prexuízo que se cause ós usuarios ou á administración.

A imposición de calquera das penalidades previstas no presente prego, é compatible ca esixencia da reposición da situación alterada, así como ca indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente a contía e o prazo para a súa satisfacción.

As penalidades graduaranse atendendo ós seguintes criterios:

- Existencia de intencionalidade ou reiteración.
- Prexuízos causados
- Reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas.
- Proceder voluntariamente, antes de que recaía resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das infraccións determinadas de seguido:

#### **8.1. Por incumprimento das condicións de execución**

O incumprimento de calquera das condicións de execución establecida neste prego e no correspondente prego de cláusulas administrativas dará lugar á imposición ó contratista de penalidades nos seguintes termos:

Como regra xeral, a contía será do 1% do importe da adxudicación do contrato, salvo que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo chegar nese caso ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%.

A reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade.

Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.

#### **8.2. Por cumprimento defectuoso**

Se á recepción se comproba que a prestación non se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución imporanse penalidades ó contratista nos seguintes termos:

Como regra xeral, a contía será do 1% do importe da adxudicación do contrato, salvo que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo chegar nese caso ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%.

A reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non exime ó contratista da obriga de reparación dos defectos.

Serán consideradas faltas MOI GRAVES por cumprimento defectuoso, as seguintes:

1. Paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato, imputable ó contratista, por prazo superior a 24 horas, salvo no suposto de folga legal.
2. A prestación manifestamente irregular do servizo.
3. Cesión, subarrendo ou traspaso total ou parcial do servizo contratado, sen autorización previa e expresa do Concello.
4. Incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral.
5. Percepción polo adxudicatario ou persoal ó seu servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación do servizo.
6. Incumprimento polo contratista ou persoas ó seu servizo da obriga de sixilo, confidencialidade ou incumprimento da lexislación de protección de datos, referido todo elo á información proporcionada ó contratista polo Concello, e que só a poderá utilizar para a prestación do servizo.
7. Calquera modificación na prestación do servizo, adoptada sen previa autorización municipal.
8. Comisión de dúas faltas graves nun período dun ano.
9. Outras así determinadas no prego de cláusulas administrativas.

Serán consideradas faltas GRAVES por cumprimento defectuoso, as seguintes:

1. O atraso respecto ó horario de comenzo do servizo.
2. Interrupción da prestación do servizo, imputable ó contratista, por prazo non superior a 24 horas, salvo no suposto de folga legal.
3. Incorrección, falta de respecto ou descortesía do persoal do servizo cos usuarios así como falta de decoro ou aseo persoal .
4. Incumprimento de ordes ou instrucións referentes á prestación do servizo impartidas polo Concello ó adxudicatario, no prazo que outorgue ó efecto, e en especial sobre evitación de situacións perigosas, insalubres ou que provoquen incomodidades.
5. Comisión de dúas faltas leves nun período dun ano.
6. Outras así determinadas no prego de prescricións técnicas.

Serán consideradas faltas LEVES por cumprimento defectuoso, as seguintes:

1. Imperfección non reiterada na prestación do servizo.
2. Falta de respecto ós traballadores dos servizos municipais, que legalmente non



teña consideración de grave ou moi grave.

3. Calquera outro incumprimento non cualificado como grave ou moi grave.
4. Outras así determinadas no prego de cláusulas administrativas.

### 8.3. Por incumprimento de criterios de adxudicación.

Se durante a execución do contrato ou ó tempo da súa recepción, o Concello aprecia que o contratista incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, por causas imputables a él mesmo, imporánselle as seguintes penalidades:

Como regra xeral, a contía será do 1% do importe da adxudicación do contrato, salvo que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo chegar nese caso ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%.

Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por cento da puntuación obtida polo contratista no criterio de adjudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

**Multas coercitivas** . Con independencia do réxime de penalidades, é dicir compatiblemente coas penalizacións previstas no artigo precedente, o Concello poderá impoñer ó contratista multas coercitivas cando persista no incumprimento e/ou o cumprimento defectuoso das súas obrigas.

1. En todos os casos, o Concello poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción.

2. O importe das multas coercitivas será o seguinte:

- 2.1. No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 300 € por día que persista o incumprimento.

- 2.2. No caso de incumprimentos graves, multa de 301 a 600 € por día que persista o incumprimento.

- 2.3. No caso de incumprimentos moi graves, multa de 601 a 1000€ por día que persista o incumprimento.

O importe do contrato terase en conta á hora de graduar a multa, e os días comenzarán a contarse dende o día seguinte o de inicio do incumprimento e/ou dende o seguinte á recepción polo contratista da orden de cese no seu incumprimento.

3. Todo disposto nesta cláusula aplicarase sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como da imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.

## **CADRO DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO**

1.-Obxecto: Contratación do servizo de impartición de escolas e actividades deportivas do Concello de Muxía que se detallan nos PPT. Tramitación anticipada de gasto.

2.- Valor estimado do contrato:

\* Lote 1: 10367€ (un ano)      20734€ (Dous anos)

\* Lote 2: 7616.53€ (un ano)      15233.06€(Dous anos)

\* Lote 3: 6347.01€(un ano)      12694.21€ (dous anos)

### **3.- Orzamento de licitación:**

Lote 1:

Prezo unitario sen IVE: 46.28 €/ hora

IVE:9.72 €

Prezo unitario con IVE: 56 €/hora

- Lote 2

Prezo unitario sen IVE: 19.83€/h.

IVE: 4.17€

Prezo unitario con IVE:24€/h

- Lote 3

Prezo unitario sen IVE: 19.83€/h.

IVE: 4.17€

Prezo unitario con IVE:24€/h

4.-Aplicación Orxamentaria: 341 227.99


5.- Duración do contrato: Un ano inicial prorrogable por igual o menos período. (8 meses ao ano)

6.- Revisión presos: non procede

8.- Lugar e prazo presentación de ofertas: No Concello de Muxía, de 9 a 14 h, no prazo de 15 días naturais seguintes ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil (concellomuxia.com). Tamén podrán presentarse na forma establecida a LPACA.

9.- Garantía definitiva: 5% do prezo total de adxudicación sen IVE.

10.- Gastos a costa do contratista: estímense en 500€ máximo.



## **ANEXO V**

De conformidade co establecido no art 146.4 do R.Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, na redacción dada pola Lei 14/2013 de apoio a emprendedores , a documentación á que se refire o art 146.1 do TRLCSP a presentar no sobre A “Documentación” prevista neste Prego, poderá ser substituída por unha declaración responsable do licitador/a indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Neste caso o/a licitador/a en que recaiga a proposta de adxudicación , deberá de acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.



De conformidad con el art. 216 del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público en su redacción dada por la Ley 11/2013 de 26 de julio, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo, la cláusula 30 quedará redactada del siguiente modo:

**“30) Derechos del adjudicatario.**

**30.1.-** Derecho al abono de la obra que realmente ejecute con arreglo a las cláusulas del presente pliego y de conformidad con el programa de trabajo previsto para cada anualidad y de conformidad con el art. 216 TRLCSP en su redacción dada por la disposición final séptima de la Ley 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo, la Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4.

La ejecución de la obra por importe superior al previsto en cada anualidad, aún en el caso de que cuente con la autorización de la dirección, no dará derecho al contratista a su abono hasta que no se incluya en el Presupuesto la dotación necesaria para hacer frente a la anualidad correspondiente.

**30.2** Si la Administración se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono

En el supuesto de que alguna certificación contenga algún error u omisión, y el contratista no hubiera advertido en el momento de prestar conformidad a la certificación, expresamente y por escrito la existencia del mismo, el plazo para exigir el interés de demora no se iniciará hasta que se subsanen los defectos que contuviera la certificación, computándose, por tanto, el plazo para exigir el interés de demora a partir de la expedición de la certificación subsanada.

De igual modo si la factura contuviera algún error u omisión o ésta no se hubiera presentado en el Registro General, el plazo para exigir el interés de demora no se iniciará hasta que se subsanen los defectos que contuviera la factura o hasta que se presente la misma en el Registro General.

**30.3.-** Derecho a la suspensión del cumplimiento del contrato en el supuesto de que la demora del pago fuera superior a cuatro meses, debiendo comunicar a la Administración con un mes de antelación tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en el art. **216.5 TR.LCSP**

**30.4.-** Derecho a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen, si la demora de la Administración fuera superior a seis meses. (art. 216.6 en su redacción dada por la Ley 14/2013, de 27 de septiembre, de apoyo a los emprendedores y su internacionalización)

**30.5.-** Derecho a transmitir los derechos de cobro, en los términos del artículo **218 del TR.LCSP** y en las condiciones señaladas en la cláusula 31.5 del presente pliego”.

